

CARTA DE DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)

A Biblioteca está ao servizo da comunidade universitaria e actúa polo principio de servizo público. Esta Carta é o comezo dun plano de accións encamiñadas á mellora da calidade do seu servizo que se centrará en dar resposta, optimizando os medios dispoñibles, ás necesidades e expectativas dos seus usuarios. Para avanzar nesta liña de mellora é necesario establecer un compromiso mutuo entre a Biblioteca e os seus usuarios. Este compromiso recóllese nesta *Carta de dereitos e deberes dos usuarios da Biblioteca da UDC*, aprobada por acordo do Consello de Goberno de 22 de xullo de 2004.

Os membros da comunidade universitaria e as persoas autorizadas que accedan á condición de usuarios teñen os seguintes dereitos e deberes:

Dereitos dos usuarios

Dispoñer de espazos e infraestruturas en condicións idóneas para a consulta e estudo, así como acceder en condicións razoables a todos os servizos que preste a Biblioteca.

Dispoñer de recursos de información de calidade, con contidos adecuados aos ámbitos temáticos de docencia e investigación da universidade.

Recibir información e asesoramento na localización e acceso aos fondos bibliográficos e documentais. Préstamo dos documentos de todas as bibliotecas e uso dos recursos de información electrónicos.

Recibir sesións formativas para obter un completo aproveitamento dos recursos e servizos.

Ser atendidos de maneira eficiente e correcta por todo o persoal da Biblioteca, que estará identificado ante o usuario en todo momento.

Deberes dos usuarios

Contribuír a manter un contorno adecuado e en silencio, evitando calquera actividade que perturbe a lectura, a consulta e o estudo. Coidar os equipamentos e instalacións.

Facer bo uso dos recursos de información que a Biblioteca pon á súa disposición e que son patrimonio da universidade ou posúe licencia de acceso.

Cumprir as disposicións que regulen os distintos servizos que ofrece a Biblioteca, en especial a normativa e os termos do préstamo, coa finalidade de respectar os dereitos dos outros usuarios.

Colaborar para manter o correcto funcionamento do servizo. Cumprir as indicacións do persoal da Biblioteca e sempre que llo soliciten, identificarse como usuario.

Participación dos usuarios

Os usuarios da Biblioteca poderán colaborar na mellora da prestación do servizo mediante:

- A formulación de queixas, comentarios e suxestión (*)
- A cobertura de cuestionarios
- A participación nas actividades informativas da Biblioteca

Melloras da Carta

A Biblioteca asume que mellorar a calidade dos seus servizos significa una filosofía de traballo, superándose nas tarefas e procesos cotiáns. Por esta razón, adquire o compromiso de revisar cada 9 meses a *Carta de Dereitos e Deberes dos Usuarios*, tomando en consideración preferente a participación que os seus usuarios lle fagan chegar.